

ORDENANZA 4.27
PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS E REALIZACIÓN DE
ACTIVIDADES NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 41 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o prezo público pola prestación de servizos e realización de actividades nas instalacións deportivas municipais.

Artigo 2º. Concepto

1. O prezo público regulado nesta Ordenanza constitúe unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación dos servizos ou a realización de actividades desenvolvidas nas instalacións deportivas municipais que a continuación se detallan, sempre que se trate de:

- a.- espectáculos deportivos ou extradeportivos
 - b.- outros actos non deportivos
 - c.- competicións non federadas con cobro de entrada
 - d.- actividades deportivas organizadas por entidades con ánimo de lucro
- 1.1. Pavillóns polideportivos non ubicados en Centros Públicos de Ensino
- 1.2. Pavillóns polideportivos ubicados nos Centros Públicos de Ensino, que son:
- P.P. Monte dos Postes
 - P.P. Lamas de Abade
 - P.P. Quiroga Palacios
 - P.P. Apóstolo Santiago
 - P.P. Vite I
 - P.P. Pío XII
 - P.P. Roxos-Villestro
- 1.3. Campos de fútbol de herba sintética. San Lázaro I e San Lázaro II

2. Se con posterioridade ao establecemento do presente prezo público, cesasen na prestación do servizo as instalacións deportivas privadas que actualmente concurren na realización de actividades similares ás que se desenvolven nas instalacións deportivas municipais, o prezo público transformárase en taxa.

3. En caso de resultar preceptiva a transformación anterior, o Concello aprobará a Ordenanza fiscal correspondente reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais, que entrará en vigor a partir da data na que se publique no Boletín Oficial da Provincia a súa redacción definitiva.

4. Cando os prezos públicos por servizos nas instalacións deportivas municipais, de carácter periódico teñan que transformarse en taxa pola causa prevista no apartado 2º, non será preciso realizar a notificación individual á que se refire o art. 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, sempre que o suxeito pasivo e a cuota da taxa coincidan co obrigado ó pago e o importe do prezo público ó que substitúe.

Artigo 3º. Obrigados ó pago

Están obrigados ó pago do prezo público regulado nesta Ordenanza quen solicite ou se beneficie da prestación de servizos ou da realización de actividades nas instalacións deportivas municipais, sempre que se trate de:

- a.- espectáculos deportivos ou extradeportivos
- b.- outros actos non deportivos
- c.- competicións non federadas con cobro de entrada
- d.- actividades deportivas organizadas por entidades con ánimo de lucro

Artigo 4º. Contía

1. O prezo público que se debe pagar ó Concello pola prestación de servizos ou pola realización de actividades nas instalacións deportivas municipais, cinguirase ás seguintes tarifas:

4.1. PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS NON UBICADOS EN CENTROS PUBLICOS DE ENSINO

- a) Competicións. Por partido . 60,70 €
- b) Utilización dos polideportivos para espectáculos deportivos, por día ou fracción:
 - Con cobro de entrada 228,00 €
 - Sen cobro de entrada 46,00 €

c) Utilización dos polideportivos para espectáculos ou actos extradeportivos, por día ou fracción 912,15 €

d) Actividades deportivas organizadas por entidades con ánimo de lucro. Por hora ou fracción.....7,55 €

e) Ximnasio do Polideportivo de Santa Isabel e Restollal, por hora ou fracción.....3,60 €

Nos casos a que se refiren os apartados a), d) e e), pagarase un suplemento de 4,60 €, por hora ou fracción, por utilización de luz eléctrica nas datas e horarios seguintes:

-Do 1 de setembro dun ano ao 31 de maio do ano seguinte: a partir das 19,00 h

-Do 1 de xuño ao 31 de agosto de cada ano: a partir das 21,00 h.

4.2. PAVILLÓNS POLIDEPORTIVOS UBICADOS EN CENTROS PÚBLICOS DE ENSINO

a) Competicións. Por partido 38,00 €

b) Utilización dos polideportivos para espectáculos ou actos extradeportivos por día ou fracción 456,15 €

c) Actividades deportivas organizadas por entidades con ánimo de lucro. Por hora ou fracción.....4,90 €

Nos casos a que se refiren os apartados a) e c) pagarase un suplemento de 4,60 €, por hora ou fracción, por utilización de luz eléctrica nas datas e horarios seguintes:

-Do 1 de setembro dun ano ao 31 de maio do ano seguinte: a partir das 19,00 h

-Do 1 de xuño ao 31 de agosto de cada ano: a partir das 21,00 h.

4.3. CAMPOS DE FÚTBOL DE HERBA SINTÉTICA. SAN LÁZARO I E SAN LÁZARO II.

4.3.1. San Lázaro I e San Lázaro II

A utilización e custo desta instalación deberá ser aprobada puntualmente pola Xunta de Goberno Local, previo informe da sección de Deportes

4.3.2. Campos de fútbol de herba sintética

a) Competicións. Por partido . 76,00 €

Pagarase un suplemento de 6,95 €, por hora ou fracción, por utilización de luz eléctrica nas datas e horarios seguintes:

-Do 1 de setembro dun ano ao 31 de maio do ano seguinte: a partir das 19,00 h.

-Do 1 de xuño ao 31 de agosto de cada ano: a partir das 21,00 h.

Artigo 5º. Normas de xestión

1. A obriga do pago do prezo público orixinarase no momento en que inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade nas instalacións deportivas municipais.
2. O Concello de Santiago, por medio do Organo encargado da administración deste prezo público, poderá esixir un depósito previo para responder, se é o caso, das indemnizacións polos desperfectos que poidan producirse na pista ou calquera outro servizo complementario. Este depósito poderá constituirse en metálico, mediante aval bancario ou póliza de seguros. Devolverase o seu importe, previo informe do Xefe da Sección de Deportes no que conste que non se causaron danos ou que éstos foron reparados.
3. O pagamento do prezo público correspondente ós espectáculos de carácter extradeportivo, que non formen parte da programación de calquera departamento municipal, deberá realizarse nas entidades bancarias colaboradoras cunha antelación mínima de 48 horas á súa celebración. Os gastos de persoal de servizo discontinuo (billeteiros, porteiros, vixiantes, electricistas,...) serán por conta dos organizadores do acto. As necesidades deste tipo de persoal serán fixadas a suízo da Sección de Deportes, tendo en conta o tipo de actividade que se vaia desenvolver. Así mesmo os organizadores correrán cos gastos de limpeza que se deriven da celebración dos citados actos.
4. Calquera outro tipo de pagamento do presente prezo público farase nas oficinas da Sección de Deportes Municipal.
5. Cando por causas non imputables ó obrigado ó pago do prezo, o servizo ou actividade non se preste ou non se desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día trinta e un de outubro de dous mil doce. Contra o acordo inicial non se presentaron reclamacións, polo que se entende elevado automaticamente a definitivo. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil trece, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.